

## **OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS DO XANTAR NA CASA**

- Informar a súa traballadora social dos cambios da súa situación social, económica, sanitaria e persoal relacionada co servizo.
- Tratar co máximo respecto ao persoal do servizo.
- Coidar do material e electrodomésticos cedidos pola empresa distribuidora.
- En caso de suspensión ou extinción do servizo, a persoa beneficiaria ten a obriga de devolver o material cedido en depósito, pola empresa adxudicataria.
- Aboar a cota mensual fixada para este servizo.
- No caso de renuncia voluntaria ou suspensión temporal do servizo, avisar con 15 días de antelación á traballadora social que lle facilitará un modelo realizado a tal efecto. No caso en que a persoa beneficiaria non o comunique en tempo e forma e se intentasen a entrega dos menús no seu enderezo a persoa beneficiaria abonará os menús realizados ata a data do feito.
- Atoparse no seu enderezo no día e hora de entrega dos menús. Se por causas imprevistas non fose posible, avisar a empresa repartidora con tempo suficiente. Os xantares que non se puideron entregar como consecuencia da ausencia no seu domicilio ou no segundo domicilio indicado por parte da persoa beneficiaria por causas imputables á persoa, a condición de que quede acreditada a presentación do xantar na hora aproximada comunicada ao mesmo, facturaranse na súa integridade directamente a persoa beneficiaria do servizo.
- Permitir o acceso á vivenda do persoal repartidor a efectos da correcta prestación do servizo Xantar na Casa e comprometerse a atender e realizar as indicacións que sobre o mesmo se lle faciliten.
- A ausencia temporal da persoa beneficiaria do seu domicilio por vacacións, viaxes, ou ingreso temporal en centros sanitarios/residenciais por un tempo superior a 45 días será motivo de extinción do servizo.